

## ANEXO V

## Modelo de ficheiro de datos de carácter persoal

Ficheiro: base de datos de solicitantes de axudas para a formación en relación co transporte por estrada en Galicia, e de asistentes ás actividades formativas subvencionadas.

1. Finalidade do ficheiro e usos previstos: facilitar a tramitación dos expedientes de concesión das axudas previstas nas correspondentes bases reguladoras e ordes de convocatoria, e facer o seguimento da asistencia ás actividades e do seu aproveitamento.

2. Persoas e colectivos afectados: asociacións e federacións de transportistas que poidan ter a condición de beneficiarios das axudas, e particulares que asistan ás referidas actividades.

3. Procedemento de recollida de datos: os datos obtéñense ben das solicitudes que presentan os interesados mediante a formalización de formularios en soporte papel ou dixital, ben dos restantes ficheiros autorizados e existentes na Dirección Xeral de Transportes; os datos referentes aos asistentes ás actividades obteranse da información trasladada polos beneficiarios das subvencións, organizadores daquelas actividades, e do propio labor de inspección ou control que, directa ou indirectamente, faga a Administración.

4. Estrutura básica do ficheiro: base de datos.

5. Tipos de datos de carácter persoal que inclúe:

Datos de carácter identificativo: NIF ou DNI; nome e apelidos; enderezo e teléfono.

Datos económicos: conta bancaria (só os beneficiarios das axudas).

Información referente ao desenvolvemento da actividade e ao seu aproveitamento.

6. Cesiões de datos previstas: non se prevén cesiões.

7. Órgano da Administración responsable do ficheiro: Dirección Xeral de Transportes.

8. Servizos ou unidades ante os que se poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición: Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes. Dirección Xeral de Transportes. Praza de Europa, 5 A-2º andar, Área Central-As Fontiñas, 15707 Santiago de Compostela.

9. Medidas de seguridade: nivel básico.

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 23 de abril de 2008 pola que se derroga a disposición transitoria da Orde do 17 de decembro de 2004 pola que se autoriza a apertura e funcionamento das escolas de educación infantil Castrollón e Os Cativos, ambas da Coruña, para impartir as ensinanzas de educación infantil.*

Advertido erro no anexo da citada orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 100, do 26 de maio de 2008, cómpre facer a oportuna rectificación:

-Na páxina 9.633, debe figurar coma código do centro 15032455.

*Orde do 27 de maio de 2008 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2006-2007 convocados pola Orde do 6 de febreiro de 2008.*

A Orde do 6 de febreiro de 2008 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional específica de grao superior correspondentes ao curso 2006-2007, establece as bases e o procedemento para a súa concesión.

Unha vez realizada polo xurado de selección a valoración das solicitudes presentadas, publicada a acta provisional coas puntuacións obtidas polos candidatos, resoltas as reclamacións presentadas, e vistas a acta coa proposta definitiva do xurado de selección dos premios extraordinarios e a correspondente proposta da directora xeral de Ordenación e Innovación educativa sobre a concesión destes premios, esta conselleira

### DISPÓN:

Primeiro.-Conceder os premios extraordinarios de formación específica de grao superior, correspondentes ao curso 2006-2007, ao alumnado que figura no anexo a esta resolución.

Segundo.-Contra esta orde poderase recorrer potestativamente mediante recurso de reposición ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, coas modificacións da Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante o recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo da lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de maio de 2008.

Laura Sánchez Piñón  
Conselleira de Educación e Ordenación  
Universitaria

## ANEXO

Familia profesional	DNI	Apelidos e nome	Centro de estudos	Importe
Actividades agrarias	76571163T	Rego Murias, Dolores	IES da Terra Chá, José Trapero Pardo (Castro de Rei - Lugo)	732 €
Actividades físicas e deportivas	33554012W	Rodríguez Torres, Maria Isabel	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes (Lugo)	732 €
Actividades marítimo-pesqueiras	52939654W	Ordoñez Iglesias, Natalia	IGAFA Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Illa de Arousa - Pontevedra)	732 €
Administración	44846770J	Antelo Boquete, Lucía	IES As Fontiñas (Santiago de Compostela - A Coruña)	732 €
Artes gráficas	32698736G	Romero Faraldo, Carlos Ivan	IES Leixa (Ferrol-A Coruña)	732 €
Comercio e márketing	78801590W	Perez Sanchez, Kassandra	IES Ramón Menéndez Pidal (A Coruña)	732 €
Comunicación, imaxe e son	44845392S	Froiz Casal, Luis Eduardo	CPR O Raio Verde (Santiago de Compostela - A Coruña)	732 €
Edificación e obra civil	32682348S	Pérez Vargas, Francisco	CIFP Someso (A Coruña)	732 €
Electricidade e electrónica	76932420L	Besteiro Gimenez, Irene	IES A Xunqueira (Pontevedra)	732 €
Fabricación mecánica	32705061G	Rodríguez García, Iria	IES Marqués de Suanzes (Ferrol-A Coruña)	732 €
Hostalaría e turismo	32699032R	Sánchez Ricoy, Alba	IES Sofía Casanova (Ferrol-A Coruña)	732 €
Imaxe persoal	33995910R	García Vázquez, Monica	CIFP Someso (A Coruña)	732 €
Industrias alimentarias	44483956R	Leal Freire, Angeles	IES Julio Prieto Nespereira (Ourense)	732 €
Informática	44842723Z	Cebreiro Quireza, Elsa María	IES San Clemente (Santiago de Compostela - A Coruña)	732 €
Madeira e moble	47355693G	Naveira Morales, Javier	CIFP Valentín Paz Andrade (Vigo-Pontevedra)	732 €
Mantemento de vehículos autopropulsados	47367927W	Fernández Vázquez, Alejandro	IES Marqués de Suanzes (Ferrol-A Coruña)	732 €
Mantemento e servizos á produción	44834239V	García Castro, Jacobo	IES Politécnico de Vigo (Vigo-Pontevedra)	732 €
Química	32703379R	Sande Corgo, Patricia Maria	CIFP Politécnico de Santiago (Santiago de Compostela - A Coruña)	732 €
Sanidade	47361679X	González Cañzos, Verónica	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto (A Coruña)	732 €
Servizos socioculturais e á comunidade	32707017M	Martínez Niebla, Fátima	IES Sofía Casanova (Ferrol-A Coruña)	732 €

Os/as gañadores/as deberán enviar, no prazo de dez días, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, edificio administrativo San Caetano s/n, bloque 2, 1º andar, 15781 Santiago de Compostela, a certificación da titularidade dunha conta bancaria con 20 díxitos na que se ingresará mediante transferencia bancaria a dotación do premio.

*Orde do 29 de maio de 2008 pola que se autoriza a implantación das modalidades de bacharelato en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia de acordo coa nova ordenación establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 31, dispón que é competencia plena da Comunidade Autónoma galega o regulamento e administración do ensino en toda a súa extensión, niveis e graos, modalidades e especialidades, sen prexuízo do disposto no artigo 27 da Constitución e nas leis orgánicas que, conforme o punto primeiro do seu artigo 81, o desenvolvan, e das facultades que lle atribúe ao Estado o artigo 149.1.30ª da Constitución.

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, no capítulo IV do seu título I determina a organización do bacharelato en diferentes modalidades.

Nesta liña, o Real decreto 1467/2007, do 2 de novembro, polo que se establece a estrutura do bacharelato e se fixan as súas ensinanzas mínimas, determina os aspectos básicos do currículo de bacharelato que formarán parte do currículo que aproben as administracións educativas para estas ensinanzas.

Por outra parte, o Real decreto 806/2006, do 30 de xuño, polo que se establece o calendario de aplicación da nova ordenación do sistema educativo, establecida pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, determina no seu artigo 15 que no ano académico 2008-2009 se implantarán, con carácter xeral, as ensinanzas correspondentes ao curso 1º de bacharelato reguladas pola Lei orgánica 2/2006, e

deixarán de impartirse as ensinanzas correspondentes ao 1º curso do bacharelato reguladas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo.

De conformidade co exposto, esta consellería

**DISPÓN:**

Primeiro.-Autorizar a implantación das modalidades do bacharelato establecido pola Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, a partir do curso escolar 2008-2009 e segundo os datos que figuran no anexo desta orde.

Segundo.-A implantación destas ensinanzas suporá a extinción progresiva das ensinanzas correspondentes ao plan de estudos derivado da Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, tal como determina o citado Real decreto 806/2006.

Terceiro.-Os institutos de educación secundaria que tivesen autorizadas modalidades diferentes das que se lles autorizan mediante esta orde, impartirán no ano académico 2008-2009 o segundo curso das modalidades do bacharelato autorizadas anteriormente.

*Disposición derogatoria*

Queda derogada a Orde do 31 de maio de 2000 pola que se autoriza a implantación do bacharelato establecido na Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, nas súas distintas modalidades, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia, a partir do curso